



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/29	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de xuño de 2017
Duración	Desde as 20:04 ata as 21:10 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	NON
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3759/2017. SINALIZACIÓN

Nº REX. POLICÍA: 692/17

ASUNTO: COLOCACIÓN SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL CAMIÑO VELLO SAN ROQUE

O departamento de sinalización está a pintar a delimitación dos viais con liñas a ambos lados do Camiño Vello de San Roque, desde a Avda. de Pontevedra ata a estrada 315 ao seu paso por Darbo, do vial do Tobal, Piñeiro de Darbo e Cunchido de Arriba.

Sinal vertical de STOP no Camiño Vello, sinal vertical “CEDA O PASO” en Camiño do Piñeiro en Darbo, sinal de rúa cortada en Liméns ao lado do cámping.

Expediente 3523/2017. Informe policial 714/17 (sinalización)

Nº REX. POLICÍA: 724/17

ASUNTO: SOLICITUDE RESERVADO TRES PRAZAS PARA OFICINA DE CORREOS NA AVDA. DE GALICIA

O departamento de sinalización da Policía Local do Concello de Cangas, fai constar:

Que se teñen recibido diversas queixas desde o Servizo de Correos sito na Avda. de Galicia pola falta dunha zona reservada para carga e descarga. E debido á continua entrada e saída de vehículos destinados ao reparto de Correos faise necesaria habilitar unha zona destinada para estes efectos.

Con tal motivo propónse situar unha zona habilitada para carga e descarga cun horario específico de utilización nas proximidades da oficina de Correos.

Expediente 3812/2017. Sinalización rúa Os Pinos

Nº REX. POLICÍA: 747/17

ASUNTO: SOLICITUDE DE ZONA RESERVADA PARA CARGA E DESCARGA PARA LOCAL COMERCIAL EN RÚA OS PINOS, Nº 7-BAIXO

A Policía de Cangas, con relación ao escrito presentado por M.D.M.F., que solicita unha zona de reservado para carga e descarga en Rúa Os Pinos, nº 7-baixo-O Espírito Santo-Coiro, informa que non existe inconveniente na aprobar a solicitude.

Expediente 3702/2017. SINALIZACIÓN



Concello de Cangas

Nº REX. POLICÍA: 792/17

Os axentes da Policía Local de Cangas con identificación profesional nº 052024 e nº 052027, por medio do presente informan:

Que o día 5 de xuño de 2017, proceden a comprobar a solicitude de T.P.G., de pintado ou zona de exclusión para poder entrar e saír da súa casa, que xa hai colocada sinal vertical de prohibido estacionar e liña amarela continua.

Expediente 3861/2017. SINALIZACIÓN

Nº REX. POLICÍA: 746/2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE EN RÚA XIMEU A VERÍN, Nº 12-B

A Policía Local de Cangas, con relación ao escrito presentado por R.V.R., que solicita un sinal de pasaxe permanente na rúa Ximeu a Verín, nº 12-B, informa que non existe inconveniente na aprobación da solicitude.

Expediente 2341/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2341/17.- Conceder licenza de obras maior a M.J.M., con enderezo en Parada, nº 42-B-Coiro, para en Parada, nº 42-Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11 SNUN, realizar obras de reforma e acondicionamento de edificación tradicional para apartamento turístico de 61,90 m²., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico S.G.F., en data maio de 2017. O presuposto de execución material ascende a dezaseis mil novecentos vinte e seis euros con trinta e tres céntimos (16.926,33 €).

Expediente 2397/2017. Licenza de obras

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2397/2017.- A "CARNICAS TUCHO SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa A Madalena, nº 30-Darbo-Cangas, titular do CIF nº B 94130838, conceder licenza de obras para en solo regulado pola ordenanza 9, realizar obras de acondicionamento de local destinado á elaboración de produtos cárnicos polo miúdo, sito en rúa A Madalena, nº 29A-Darbo-Cangas, de conformidade co proxecto de acondicionamento de local elaborado pola enxeñeira industrial M.P.P., visado 06.04.2017. O presuposto de execución das obras ascende a cento cincuenta e seis mil seiscientos vinte e catro euros con dezasete céntimos (156.624,17 €).

Rematadas as obras deberán presentar certificado final de obra e comunicación de inicio de actividade.

Expediente 1150/2017. Comunicación previa en materia urbanística (Expte.26.239.-

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Apertura 443/2017)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1150/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por "GLOBAL TENDENCE SL", con enderezo a efectos de notificacións en Polígono A Pedreira, nº 1-Meaño, titular do CIF nº B36538502, para acondicionamento de local sito na Avda. Méndez Núñez, nº 13-baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil oitenta e dous euros (7.082,00 €). Rematadas as obras deberá presentar comunicación previa de finalización das obras e de inicio de actividade.	

Expediente 1340/2017. Infracción urbanística 25/2015 (M.S.C.)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1340/2017	
ASUNTO: Resolución recurso de reposición	
De conformidade co previsto nos artigos 172 e 175 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais emítese o seguinte INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN con base nos seguintes:	
ANTECEDENTES	
PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.02.2016, notificado o 19.02.2016 acordouse iniciar expediente de sanción a M.S.C. pola realización dun cerramento no lugar de Nerga-O Hío, sen licenza para iso.	
O expediente rematou mediante a imposición dunha sanción de 6.001 euros polos feitos descritos no antecedente primeiro mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2017. Este acordo notificouse en data 29.05.2017.	
SEGUNDO.- En data 09.06.2017, rexistro de entrada nº 6661, se presenta recurso de reposición por M.S.C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2017.	
LEXISLACIÓN APLICABLE	
- Lei 2/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.	
- Os artigos 164 e da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.	
- Disposición transitoria terceira c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.	
- Artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.	
CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS	



I.- A competencia para a resolución do recursos de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, corresponde á Xunta de Goberno: “Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase.

II.- No recurso interposto por M.S.C., na súa condición de interesada aprécianse a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa como parte recorrente.

III. No recurso interposto manifesta a recorrente que:

O expediente de sanción está caducado toda vez que o prazo máximo para a súa resolución é de un ano, prazo establecido tanto no artigo 223.2 da LOUGA vixente no momento do inicio do expediente como no artigo 164.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

IV.- A Disposición transitoria terceira a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os procedementos iniciados antes da entrada en vigor da lei non será de aplicación a Lei 39/2016, rexéndose pola normativa anterior e no seu apartado c) establécese que: “os actos e resolucións ditados con posterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse, en canto ao réxime de recursos, polas disposicións destas.

O principio de irretroactividade proclama, como o seu nome indica, a irretroactividade das disposicións de sanción non favorables e o artigo 128 da Lei 30/1992, establece que serán de aplicación as disposicións de sanción vixentes no momento de producirse os feitos que constituían infracción administrativa, así como, que as disposicións de sanción producirán efecto retroactivo en canto favorezan ao presunto infractor.

En canto ao procedemento e competencia rexerá a normativa vixente no momento en que se tramita o procedemento e, polo tanto, visto o establecido no artigo 164.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, procede declarar a caducidade do procedemento e estimar o recurso interposto por M.S.C., ao resultar probado que transcorreu máis de un ano desde o inicio do expediente de sanción ata a súa resolución.

Por todo o exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto por M.S.C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2017, polo que se impuxo unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) pola realización dun cerramento no lugar de Nerga-O Hío, sen licenza para iso, polas consideracións técnicas e legais expostas, de conformidade co previsto no artigo 164.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e declarar caducado o procedemento e consecuentemente o arquivo das actuacións do expediente de sanción (25/2015, X 1340/2017).

SEGUNDO.- No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo expediente de sanción. A infracción está tipificada polo arquitecto como grave no seu informe de data 13 de marzo de 2017, polo que o prazo de prescrición é de seis anos contados desde a finalización das obras ou da actividade.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á interesada para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o



inmable afectado, conforme ao disposto no artigo 14º3º) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

Expediente 3907/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval por importe de novecentos cincuenta e catro euros (954,00€) depositado pola empresa "Ekipo, SCG", no expediente de contratación de "Subministración e execución da obra do contrato de climatización das dependencias do Servizo de Urbanismo".

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 3105/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil novecentos oitenta e oito euros con oitenta e tres céntimos (1.988,83€), depositado pola empresa "Montajes Darbo SL", no expediente nº 21.945, licenza de obras nº 21.367.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 3961/2017. Prestación Axuda no Fogar Municipal (Quenda libre concorrencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a O.P.G., co expediente nº 50308509B, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de LIBRE CONCORRENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Custo do servizo: trescentos oitenta e nove euros con sete céntimos (389,07 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: setenta e sete euros



Concello de Cangas

con oitenta e un céntimos (77,81 euros).

Número de horas: 30 horas.

Data prevista de alta no SAF: xuño de 2017.

Expediente 3922/2017. Resolución das bonificacións do programa "Enredos de Verán-2017"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA "ENREDOS DE VERÁN-2017" PARA NENOS/NENAS DO CONCELLO DE CANGAS

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas, PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das becas de asistencia ao programa "Enredos de Verán-2017, que se realizará do 26 de xuño ao 25 de agosto de 2017, destinadas a favorecer a integración socio laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades de leer.

Nº RE XIS TR O	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME MENOR	OPCIÓN DO PROGRAMA	Nº DIAS SOLICITADOS	CUSTO DA ACTIVIDADE	RESOLUCION	BONIFI CACIÓN OU MOTIV O DA DENE GACIÓN	A PAGAR
E-RC- 4625	G. S., M.	M.G., M.	ACTIVIDADES MAÑAN	33 DIAS (DO 10 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO)	165,00 €	CONCEDIDA	60 % (99,00 €)	66,00 €
		165,00 €			60 % (99,00 €)			
E-RC- 4788	B.C., L.	P.B., M.X.	ACTIVIDADES + COMEDOR	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	387,00 €	CONCEDIDA	100 % (387,00 €)	0,00 €
E-RC- 4831	F.C., R.M.	B.F., V.	ACTIVIDADES MAÑAN	25 DIAS (DO 26 AO 31 DE XULLO)	125,00 €	CONCEDIDA	85 % (106,25 €)	18,75 €
E-RC- 4889	B.A., S.	G. B., A.	ACTIVIDADES MAÑAN	24 DIAS (DO 3 DE XULLO AO 4 DE AGOSTO)	120,00 €	CONCEDIDA	60 % (72,00 €)	48,00 €

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

E-RC-4935	M.M., E.	G.M., I.	ACTIVIDADES MAÑAN	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	215,00 €	CONCEDIDA	100 % (215,00 €)	0,00 €
		G.M., D.			215,00 €		100 % (215,00 €)	0,00 €
E-RC-4978	P.M., S.	M.P., C.	ACTIVIDADES MAÑAN	21 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 21 DE XULLO E O 31 DE XULLO)	105,00 €	CONCEDIDA	100% (105,00 €)	0,00 €
E-RC-4989	M. P., I.	G.M., A.	ACTIVIDADES MAÑAN	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	215,00 €	DENEGADA	SUPER A O LIMIT E DE INGRESOS ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA	215,00 €
E-RC-5012	G.S., S.	N.G., D.	ACTIVIDADES MAÑAN	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	215,00 €	CONCEDIDA	100 % (215,00 €)	0,00 €
E-RC-5295	M.R., C.	M.M., P.	ACTIVIDADES MAÑAN	22 DIAS (MARTES E XOVES DO 27 DE XUÑO AO 24 DE AGOSTO + C.N. DO 24 DE XULLO AO 4 DE AGOSTO)	110,00 €	CONCEDIDA	85 % (93,50 €)	16,50 €
E-RC-5296	C.V., L.	F.C., N.	ACTIVIDADES + COMEDOR	12 DIAS (4 E 6 DE XULLO + C.N. DO 10 AO 21 DE XULLO)	108,00 €	CONCEDIDA	100 % (108,00 €)	0,00 €
E-RC-5297	T.J., L.N.	C.T., J.L.	ACTIVIDADES MAÑAN	27 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	135,00 €	CONCEDIDA	100 % (135,00 €)	0,00 €
		C.T., F.A.			135,00 €		100 % (135,00 €)	0,00 €
E-RC-5298	J.G., M.A.	J.L., N.N.	ACTIVIDADES + COMEDOR	27 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	243,00 €	CONCEDIDA	100 % (243,00 €)	0,00 €
		J.L., A.P.			243,00 €		100 % (243,00 €)	0,00 €
E-RC-5328	P.M., S.	F.P., A.	ACTIVIDADES MAÑAN	24 DIAS (LUNS, MÉRCORES E	120,00 €	DENEGADA	SUPER A O LIMIT	120,00 €

Concello de Cangas



Concello de Cangas

				VENRES DO 3 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO)			E DE INGRESOS ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA	
E-RC-5351	P.R., S.	A.P., D.	ACTIVIDADES MAÑAN	21 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 26 DE XUÑO AO 11 DE AGOSTO)	105,00 €	CONCEDIDA	50 % (52,50 €)	52,50 €
E-RC-5352	A.M., T.	C.A., A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	387,00 €	CONCEDIDA	100 % (387,00 €)	0,00 €
E-RC-5353	P.P., E.	F.P., N.V.	ACTIVIDADES + COMEDOR	15 DIAS (DO 10 AO 31 DE XULLO)	135,00 €	CONCEDIDA	100 % (135,00 €)	0,00 €
		F.P., S.C.		20 DIAS (DO 3 AO 31 DE XULLO)	180,00 €		100 % (180,00 €)	0,00 €
E-RC-5364	B.P., L.	I.B., A.	ACTIVIDADES MAÑAN	12 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 17 AO 31 DE XULLO E DO 16 AO 25 DE AGOSTO)	60,00 €	CONCEDIDA	100 % (60,00 €)	0,00 €
		B.P., I.		27 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	135,00		100 % (135,00 €)	0,00 €
E-RC-5365	RIOJA RIVERO, ESTHER LIDIA	V.R., A.	ACTIVIDADES MAÑAN	10 DIAS (DO 10 AO 21 DE XULLO)	50,00 €	CONCEDIDA	100 % (50,00 €)	0,00 €
E-RC-5447	M.C., A.M.	B.M., F.	ACTIVIDADES MAÑAN	16 DIAS (MARTES E XOVES DO 27 DE XUÑO AO 24 DE AGOSTO)	80,00 €	CONCEDIDA	100 % (80,00 €)	0,00 €
		B.M., S.			80,00 €		100 % (80,00 €)	0,00 €
E-RC-5448	P.Q., S.	H.P., Y.	ACTIVIDADES + COMEDOR	38 DIAS (DO 26 AO 30 DE XUÑO E DO 10 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO)	342,00 €	CONCEDIDA	100 % (342,00 €)	0,00 €

Concello de Cangas



Concello de Cangas

E-RC-5449	B.M., J.C.	B.G.E.	ACTIVIDADES MAÑAN	21 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 26 DE XUÑO AO 14 DE XULLO E DO 31 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO)	105,00 €	CONCEDIDA	50 % (52,50 €)	52,50 €
E-RC-5450	P.G., L.	C.P., L.	ACTIVIDADES + COMEDOR	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	387,00 €	CONCEDIDA	100 % (387,00 €)	0,00 €
E-RC-5451	R.J., T.	B.R., L.	ACTIVIDADES MAÑAN	23 DIAS (DO 24 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO)	115,00 €	CONCEDIDA	100 % (115,00 €)	0,00 €
E-RC-5457	F.R., C.	F.F., H.	ACTIVIDADES MAÑAN	6 DIAS (29 DE XUÑO, 11, 13 E 27 DE XULLO E 8 E 10 DE AGOSTO)	30,00 €	CONCEDIDA	100 % (30,00 €)	0,00 €
		30,00 €			100 % (30,00 €)		0,00 €	
E-RC-5458	V.P., L.	L.V., D.	ACTIVIDADES MAÑAN	9 DIAS (DO 14 AO 25 DE AGOSTO)	45,00 €	CONCEDIDA	100 % (45,00 €)	0,00 €
E-RC-5469	D.G., A.	C.D., A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	23 DIAS (DO 10 AO 28 DE XULLO E DO 14 AO 25 DE AGOSTO)	207,00 €	CONCEDIDA	100 % (207,00 €)	0,00 €
E-RC-5505	C.R., S.	C.D., D.	ACTIVIDADES + COMEDOR	5 DÍAS (DO 3 AO 7 DE XULLO)	30,00 €	CONCEDIDA	100 % (30,00€)	0,00 €
E-RC-5506	G.M., P.	B.G., M.	ACTIVIDADES + COMEDOR	24 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 3 DE XULLO AO 9 DE AGOSTO E DO 21 AO 25 DE AGOSTO + C.N. 10 AO 21 DE XULLO)	216,00 €	CONCEDIDA	100 % (216,00 €)	0,00 €
		B.G., N.		30 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO + C.N. 24 DE XULLO AO 4 DE AGOSTO)	270,00 €		100 % (270,00 €)	0,00 €
E-RC-5507	A.V., R.M.	A.V., C.S.	ACTIVIDADES + COMEDOR	43 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)	387,00 €	CONCEDIDA	100 % (387,00 €)	0,00 €

Concello de Cangas



Concello de Cangas

E-RC-5508	L.P., M.T.	P.L., S.	ACTIVIDADES MAÑAN	33 DIAS (DO 3 DE XULLO AO 18 DE AGOSTO)	165,00 €	CONCEDIDA	100 % (165,00 €)	0,00 €
		P.L., A.			165,00 €		100 % (165,00 €)	0,00 €
E-RC-5509	I.C., S.	A.I., H.	ACTIVIDADES MAÑAN	21 DIAS (LUNS, MÉRCORES E VENRES DO 3 DE XULLO AO 18 DE AGOSTO)	105,00 €	DENEGADA	SUPER A O LIMITE DE INGRESOS ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA	105,00 €
E-RC-5510	B.N., A.	FB., D.	ACTIVIDADES MAÑAN	33 DIAS (DO 3 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO) + C.N.	165,00 €	CONCEDIDA	100 % (165,00 €)	0,00 €
		FB., N.			165,00 €		100 % (165,00 €)	0,00 €
E-RC-5566	M.T., R.	G.M., D.A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	29 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 14 DE XULLO, DO 24 AO 28 DE XULLO E DO 1 AO 14 DE AGOSTO)	261,00 €	CONCEDIDA	100 % (261,00 €)	0,00 €
		G.M., L.D.			261,00 €		100 % (261,00 €)	0,00 €
		G.M., P.A.			261,00 €		100 % (261,00 €)	0,00 €
E-RC-6381	F.G., C.	G.F., A.	ACTIVIDADES MAÑAN	39 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 21 DE XULLO, O 27 DE XULLO E DO 1 AO 25 DE AGOSTO)	195,00 €	CONCEDIDA	100 % (195,00 €)	0,00 €
E-RC-6385	N.I., R.	T.N., N.	ACTIVIDADES + COMEDOR	5 DIAS (DO 21 AO 25 DE AGOSTO)	45,00 €	CONCEDIDA	100 % (45,00 €)	0,00 €

Nº SOLICITUDES PRESENTADAS : 35	Nº MENORES : 48	Nº SOLICITUDES CONCEDIDAS: 32	NEN@S BENEFICIARI@S DAS BECAS: 45		ORZAMENTO DO PROGRAMA 8.095,00 €
			38 NEN@S 2 NEN@S 3 NEN@S 2 NEN@S	100 % 85 % 60 % 50 %	

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Expediente 3561/2017. SUBVENCÍONS PARA PROGRAMA SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL

Vista a proposta de Andrés García Bastón, concelleiro de Mocidade e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Solicitar subvención de voluntariado xuvenil correspondente á Orde do 15 de maio de 2017 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria

PROXECTO:

Programa “Coidemos a nosa contorna”. Brigadas Xuvenís de Medio Ambiente.

ORZAMENTO DO PROXECTO: tres mil oitocentos corenta euros (3.840,00 €).

Gastos correntes: mil trescentos trinta e seis euros (1.336,00 €).

Gastos voluntariado: dous mil trescentos catro euros (2.304,00 €).

Seguro de responsabilidade civil e accidentes: douscentos euros (200,00 €).

GASTO TOTAL: tres mil oitocentos corenta euros (3.840,00 €).

O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 15 de outubro de 2017.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



BASES 15º CERTAME DE CÓMIC

Andrés García Bastón, concelleiro de Xuventude e Voluntariado, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases do 15º Certame de Comic.

BASES:

1.- Dirixido a **xoves artistas non profesionais** de ata 35 anos cumpridos dentro do ano 2017.

Establécense as seguintes categorías:

CATEGORÍA A: de 18 a 35 anos.

CATEGORÍA B: de 14 a 17 anos.

VIÑETA XOVE: menores de 14 anos.

2.- Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia e inéditos, non debendo ter sido premiados en ningún outro certame ou concurso.

Tema e técnica libre (coro u branco e negro) en formato **DIN A-4 (210mm x 297 mm)**. A extensión será de **4 páxinas para as categorías A e B, e de 2 a 4 páxinas para o Premio Viñeta Xove**.

3.- A presentación das obras pode facerse de xeit individual ou conxuntamente entre guionista e debuxante e poderán presentar tantas obras como desexen, sempre na categoría correspondente. **Cada autor tan só optará a un dos premios.**

4.- Os traballos deberán ser presentados polo sistema de plica (en sobre pechado aparte, no seu exterior figurará o título ou lema e categoría na que participa. No seu interior figurará: título ou lema, fotocopia do D.N.I., enderezo e teléfono de contacto.

5.- **Os traballos deberán ser presentados antes do 30 de setembro do 2017** na Casa da Xuventude do Concello de Cangas (Rúa Real, 29-36940 Cangas-Pontevedra).

6.- Establécense os seguintes premios:

CATEGORÍA A: PREMIO 500 €.

CATEGORÍA B: PREMIO 200 €.

VIÑETA XOVE: PREMIO 100 €.

7.- A organización non se responsabiliza de posibles roturas ou extravíos das obras, que serán obxecto dunha exposición na Casa da Mocidade durante o mes de outubro.

8.- O xurado presidido polo concelleiro delegado de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por persoas cualificadas neste campo artístico, 2 debuxantes, 1 técnico de cultura, recaen da secretaría na técnica responsable de Xuventude. O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.

9.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.



Concello de Cangas

10.- As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no facebook de Xuventude e a través da prensa local.

11.- A participación implica a aceptación destas bases.

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/PREGO DE CONDICIÓNS PARA O CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO PARA A PROMOCIÓN DO RECINTO FERIAI DAS NAVES DE OJEA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DE 2017

Este punto retírase da orde do día.

Expediente 2963/2017. Convenio Xiria Mostra Teatro 2017

Visto que con data 15 de maio de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou o outorgamento da concesión de subvención de maneira directa á entidade “Asociación Cultural Xiria”, por importe de catorce mil euros (14.000,00 €) e anticipar o pago por un importe de once mil douscentos euros (11.200,00 €), para o desenvolvemento da “XXXIV Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas”.

Visto o informe favorable de intervención de data 19 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder a anticipar o pago por un importe de once mil douscentos euros (11.200,00 €) á entidade “Asociación Cultural Xiria”, condicionada a que se incorpore ao expediente, con carácter previo ao pago anticipado, declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario contidos no artigo 13 da Lei 38/2003, nos termos referidos no informe de Intervención.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 2965/2017. Convenio Ningures Producción 2017, anticipo de pago.

Visto que con data 15 de maio de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou o outorgamento da concesión de subvención de maneira directa á entidade “Ningures Producción SL”, unha subvención por importe de catro mil euros (4.000,00 €) e anticipar o pago por un importe de once mil douscentos euros (11.200,00 €), para o desenvolvemento da Escola de artes escénicas de Cangas durante o exercicio 2017.

Visto o informe favorable de intervención de data 19 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder a anticipar o pago por un importe de tres mil douscentos euros (3.200,00 €) á entidade “Ningures Producción SL”, condicionada a que se incorpore ao expediente, con carácter previo ao pago anticipado, declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario contidos no artigo 13 da Lei 38/2003, nos termos referidos no informe de Intervención.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850